



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Rectorado

Por Resolución Rectoral de data 11 de novembro de 1992 estableceuse o Rexistro Xeral da Universidade na rúa Oporto nº 1 de Vigo, e creáronse en cada un dos campus de Ourense e Pontevedra un Rexistro Xeral Delegado.

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contempla a informatización dos rexistros xerais e a súa integración informática cos demais rexistros administrativos e, así mesmo, a posibilidade de crear rexistros auxiliares do rexistro xeral, ó que terán que comunicarlle toda anotación que efectúen.

Considerando a necesidade expresada polo conxunto da comunidade universitaria, no sentido de prestar o servizo onde este é necesario, e pendentes dunha posterior regulación xeral dos rexistros universitarios e a súa adecuación á Lei 30/1992, é polo que este Rectorado acorda dicta-la seguinte

RESOLUCIÓN

1. Crear, con data 2 de novembro de 1998, un rexistro auxiliar do rexistro xeral no edificio de Fundación, Lagoas-Marcosende s/n, campus de Vigo, cos efectos que se preven no artigo 38.2 da Lei 30/1992, e na Resolución do 11 de novembro de 1992 para os rexistros de Ourense e Pontevedra.
2. O rexistro permanecerá aberto ó público en horario de 9 a 14 horas en días hábiles e, conforme ó acordo da Xunta de Goberno do día 22 de febreiro de 1996, pechará os sábados.

De forma xeral, se o último día dun prazo coincide con sábado ou día inhábil entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48.3 da Lei 30/1992.

3. Diferenciar os rexistros das facultades, escolas, institutos e departamentos que non teñen a consideración de rexistros auxiliares e que só poderán tramitar os documentos que se delimiten ó ámbito das súas competencias.



Vigo, 27 de outubro de 1998

O RECTOR

Domingo Docampo Amoedo

A TÓDALA COMUNIDADE UNIVERSITARIA.